



2026/SUBCC/000002

Certificación do acordo

Raimundo González Carballo, Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

Certifico: que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión Ordinaria que tivo lugar o día 12.02.2026, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

E.- CONVOCATORIA DE PRESTACIÓNS SOCIAIS DE CARÁCTER ECONÓMICO PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL NOS SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA O ANOS 2026. 2026/SUBCC/000002.

Examinado o expediente de referencia e visto o informe-proposta da xefatura do Servizo de Benestar Social, de data 14.01.2026, cuxa parte expositiva a continuación se reproduce:

“A sensibilidade especial que para a cidadanía está a provocar a crise económica, calou de forma importante no enfoque das administracións públicas, que unanimemente están a actuar neste campo, prestando o seu apoio ás iniciativas que se están a desenvolver na actualidade.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, profundamente reformada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, no seu artigo 25.2.e) recolle como competencia propia dos concellos a “avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social”, competencia que debe ser prestada de xeito obrigatorio polos concellos de máis de 20.000 habitantes. A maiores esta mesma norma xurídica recolle no seu artigo 27 a posibilidade de que a Administración do estado ou as Comunidades Autónomas deleguen nos concellos entre outras a “prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller”.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no artigo 18 regula as prestacións económicas orientadas a satisfacer necesidades pecuniarias valoradas dos individuos ou familiar e a estimular a súa incorporación social e laboral, como un instrumento do Catálogo de servizos sociais. Por outro lado no artigo 21 define como prestacións económicas do sistema galego de servizos sociais ás rendas de inclusión social e as axudas de emerxencia e necesidade social.

O Concello de Pontevedra conta cunha Ordenanza municipal reguladora do procedemento de concesión de prestacións sociais de carácter económico para situacións de emerxencia social nos servizos sociais. As prestacións que emanan desta Ordenanza constitúen un recurso dentro do traballo social orientado á promoción das persoas e das familias, debendo servir de recurso para facilitar a integración social dos cidadáns que sofren mais carencias. A ordenanza municipal para situacións de emerxencia social ten a finalidade de dispensar unha atención básica e urxente no momento en que estas situacións de necesidade se produzan, establecendo unhas axudas económicas que serán sempre temporais, de carácter puntual e subsidiarias.

Para o desenvolvemento dos obxectivos anteriores, e na procura de promocionar as persoas e as familias o Concello de Pontevedra establece este sistema de subvencións, complementario aos creados por outras entidades públicas, e que se rexe polas bases reguladoras establecidas na Ordenanza municipal citada, tal como prevé o artigo 17.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

A presente convocatoria de axudas financiarase con cargo aos orzamentos do Concello de Pontevedra e que para o ano 2026 consta na aplicación orzamentaria 12-2310-48028, ascendendo o importe total asignado a esta convocatoria a 100.000,00 euros.

O procedemento de concesión será en réxime de concorrencia non competitiva, segundo a excepción





contemplada no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que permite excepcionalmente do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Xustifícase a excepcionalidade porque nestes casos non é necesaria a comparación de solicitudes entre si, polo interese especial en lograr respostas e solucións axeitadas ás diversas necesidades das persoas, que cumprindo os requisitos especificados na Ordenanza poidan ser atendidas neste Concello. Así mesmo, a concorrencia non competitiva é o mecanismo que permite que as necesidades subvencionables poidan ser atendidas en todo momento, mantendo a posibilidade de solicitude aberta de maneira continuada. Ademais, é necesario un procedemento áxil para dar resposta ás necesidades das persoas que se xeran ao longo do tempo, non en prazos preestablecidos, e que poden dar lugar a unha resolución afastada no tempo da petición da persoa solicitante.

Por outra banda, o respecto da dignidade da persoa, da súa autonomía e intimidade e do seu benestar que orientará a actuación pública que proclama como dereito o artigo 6 da Lei de servizos sociais de Galicia, o recolle o noso Tribunal Constitucional, nunha concepción do dereito á intimidade netamente defensiva, cando manifesta que é "a existencia dun ámbito propio e reservado fronte á acción e coñecemento dos demais, necesario, segundo as pautas da nosa cultura, para manter unha calidade mínima de vida humana". É por elo que se da un dos supostos en que non é necesaria a publicación da concesións destas subvencións. Concretamente o previsto no apartado d) do punto 2 do artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia: "cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda da honra e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora".

As bases reguladoras, como xa quedou dito, están contidas na Ordenanza municipal reguladora do procedemento de concesión de prestacións sociais de carácter económico para situacións de emerxencia social nos servizos sociais, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 40 o luns 26 de febreiro de 2018.

Ao abeiro desta disposición, considéranse axudas de emerxencia social aquelas prestacións económicas, de carácter extraordinario e finalista, destinadas a resolver as situacións de emerxencia que afecten a persoas ou familias ás que sobreveñan situacións de necesidade ao vérense privadas dos medios de vida primarios e imprescindibles, e terán que estar necesariamente incardinadas nun proceso de intervención social. A súa finalidade será dispensar unha atención básica e urxente no momento en que estas situacións de necesidade se produzan. Dado o réxime normativo e as atencións as que responden as axudas económicas obxecto da Ordenanza serán sempre temporais, de carácter puntual e subsidiarias.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as unidades familiares, entendéndose por unidade familiar a persoa ou o conxunto de persoas que convivan no mesmo marco físico e se atopen vinculadas co/a solicitante por matrimonio ou calquera outra forma de relación análoga de afectividade, por adopción, acollemento ou parentesco de consanguinidade ata o cuarto grao ou de afinidade ata o segundo grao. Malia o anterior, cando nun mesmo marco físico, existan unha ou mais unidades familiares con menores ao seu cargo, considérase que cada unha delas constitúen unha unidade familiar independente. Amais, nunha unidade familiar beneficiaria un dos seus membros terá a condición de persoa titular da axuda.

As persoas beneficiarias han de cumprir os requisitos establecidos nos artigos 3 e seguintes da Ordenanza de emerxencia social municipal, así como seguir o procedemento establecido nos artigos 11 e seguintes da amentada Ordenanza.

En canto as modalidades destas axudas, o artigo 8 da tan repetida Ordenanza de emerxencia social, fixa que segundo o seu destino poden ser para:





- a) Uso da vivenda habitual.
- b) Habitabilidade da vivenda habitual.
- c) Necesidades básicas persoais.
- d) Necesidades complementarias.
- e) Situacións de tránsito.

A xustificación realizarase na forma prevista no artigo 17 da Ordenanza de emerxencia.

Consonte co artigo 31.4 da Lei de subvencións de Galicia, cando o procedemento administrativo establecido non leve consigo o esgotamento do crédito nun só acto de concesión, senón que a súa disposición realícese en actos sucesivos, o órgano xestor deberá publicar, na forma que regulamentariamente se estableza, o esgotamento da partida orzamentaria asignada e a inadmisión de posteriores solicitudes destinadas a participar do mesmo, salvo que proceda o previsto no apartado 2 deste artigo. A Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra e os seus organismos autónomos, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 190 do 30 de setembro de 2004 dispón que deberán ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios da Casa do Concello. Sen prexuízo da obriga de publicación contida no artigo 5.4 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

No tocante ao órgano competente para efectuar esta convocatoria artigo 11 da Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra, establece que se a contía da convocatoria excede de 12.020,24 € o órgano competente será a Xunta de Goberno Local.

Por último, simplemente recordar que a letra a) do número 2 do artigo 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, foi redactada polo artigo 29 da Lei 4/2021, 28 xaneiro, de medidas fiscais e administrativas («D.O.G.» 29 xaneiro), e neste momento dispón que non teñen o carácter de subvencións as prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial.

Neste contexto danse as condicións para que o Concello de Pontevedra xestione e tramite a presente liña de subvencións.”

En base ao exposto, e tendo en conta os informes incorporados ao expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Convocar para o ano 2026, en réxime de concorrencia non competitiva, segundo a excepción contemplada no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións para situacións de emerxencia social nos servizos sociais do Concello de Pontevedra.

As solicitudes de axuda presentadas no ano 2026 de acordo aos requisitos establecidos nas bases reguladoras das mesmas, tramitaranse e resolveranse por orde de entrada no rexistro da solicitude e ata o esgotamento do crédito, do que se fará publicidade na mesma maneira que esta convocatoria.

Non obstante, aquelas solicitudes presentadas con anterioridade ao 1 de xaneiro do 2026 e non resoltas á entrada en vigor da presente convocatoria, poderán ser incluídas na presente e sempre e cando exista crédito.

Segundo.- As subvencións que se concedan financiaranse con cargo aos orzamentos do Concello de Pontevedra para o exercicio 2026 e imputaranse á aplicación orzamentaria 12-2310-48028, ascendendo o importe total asignado a esta convocatoria a 100.000,00 €.

O crédito para a presente convocatoria e correspondente ao ano 2026 está supeditado á existencia do mesmo no Orzamento Xeral do Concello de Pontevedra.





Así mesmo son obxecto de solicitude de xeito anual nos programas do Plan Concertado de Servizos Sociais e nos que se solicita financiamento para o 100% do seu importe.

Terceiro.- En canto ás persoas beneficiarias destas axudas poderán selo as persoas que cumpran os requisitos establecidos nos artigos 3 e seguintes da Ordenanza municipal reguladora do procedemento de concesión de prestacións sociais de carácter económico para situacións de emerxencia social nos servizos sociais do Concello de Pontevedra, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 40 o luns 26 de febreiro de 2018, e sigan o procedemento establecido nos artigos 11 e seguintes da amentada Ordenanza.

Cuarto.- A súa finalidade será dispensar unha atención básica e urxente no momento en que estas situacións de necesidade se produzan. Dado o réxime normativo e as atencións as que responden as axudas económicas obxecto da Ordenanza serán sempre temporais, de carácter puntual e subsidiarias.

Quinto.- O importe das axudas modularase atendendo ao concepto concreto da necesidade, á consecución do obxectivo de satisfacer ou axudar a cubrir a necesidade, ao gasto necesario para satisfacela, á situación socioeconómica do/a solicitante. A axuda poderá cubrir o gasto total da necesidade, cando así sexa avaliado pola traballadora social que o fará constar no informe social. En xeral os importes máximos serán:

- O máximo anual que se poderá conceder por unidade familiar, por varios conceptos, será ó 50% do salario mínimo interprofesional vixente en cómputo anual.
- Por un só concepto, o máximo anual que se poderá conceder será do 75% do límite fixado na letra anterior.
- Nas situacións de tránsito, naqueles casos nos que o solicitante ou algún membro da súa unidade familiar este pendente de resolución da RISGA debidamente acreditada, se poderá establecer unha contía en función do número de membros da unidade familiar, que fraccionada nun máximo de 12 mensualidades non exceda do 50% do salario mínimo interprofesional vixente en cómputo anual.
- Nas situacións de tránsito, naqueles casos nos que o solicitante, maior de 65 anos, non reúna requisito de residencia para acceder a pensión non contributiva de xubilación se poderá a establecer unha contía en función do número de membros da unidade familiar, que fraccionada nun máximo de 12 mensualidades non exceda do 50% do salario mínimo interprofesional vixente en cómputo anual, ata un máximo de dúas axudas por este concepto.
- Nos supostos de excepcional gravidade, a persoa responsable da Concellería Delegada de Benestar Social poderá propor incrementar estas axudas ata o límite que considere necesario, para atender convenientemente a necesidade sobrevida, sempre que estea debidamente xustificado e avaliado no Informe do/a Traballador/a Social.

E para que conste, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía na data que consta na sinatura electrónica.

